

AIRES DE POESÍA

ESCOLMA DE POETAS DA BISBARRA DE CELANOVA

LIMIAR

RAMÓN NICOLÁS

SELECCIÓN DE TEXTOS, INTRODUCCIÓN E EDICIÓN
XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE



Aira

NOTAS SOBRE A XESTACIÓN DESTA OBRA

Este libro ten como fin primeiro visibilizar o conxunto da produción poética, feita na lingua propia deste país, dunha área senlleira do ámbito occidental peninsular. O territorio que, historicamente, se une arredor de Celanova. Espazo xeográfico este que arestora abrangue a demarcación de senllas comarcas, Terra de Celanova e Baixa Limia.

O título elixido —*Aires de poesía. Escolma de poetas da bisbarra de Celanova*— tenta ser de seu explícito e evocador. Isto por canto posúe, no sintagma primeiro, unha indisimulada evocación da primeira obra dada ao prelo por cada un destes dous grandes creadores de noso, Manuel Curros Enríquez e mais Celso Emilio Ferreiro.

Os criterios de selección para poder formar parte desta obra resultaron doados de establecer: ser orixinario-a ou ter vínculos directos con algún dos concellos deste territorio e ter, polo menos, un libro poético publicado en galego.

Cómpre asemade singularizar dous nomes —adscritos a esta área—, con sorte diversa para o que concirne a este catálogo de autores. Por unha banda, Castor Elices e, por outra, Faustino Santalices.

Malia entrambos non teren obra individual publicada en libro, o primeiro si está incluído neste volume —e non así o segundo—. Debéndose isto a que del se editou a obra poética. Mentres que no outro caso —sabedores que posúe un repertorio de poemas en galego— isto aínda non aconteceu.

Doutra banda, é mester indicar tamén que a non inclusión da obra de Alexandre Guerra Corbillón neste volume débese ao feito de ser *Cristal* (2022) un poemario bilingüe.

Para escoller os textos de cada autor, autora tentouse ter en conta a súa representatividade. Quere isto dicir que, en xeral, decote se procurou escolmar unha mostra que resultase o máis significativa posíbel do conxunto da súa produción.

Isto é operativo tanto no que respecta ao número de escritos seleccionados, que —agás no caso da trindade de

grandes clásicos que aparecen na relación— adoita ser un por obra publicada, coma a cada poema en si. Nalgunha escasa mostra, por se tratar dalgún moi longo, optouse por escoller un fragmento. Ao final de cada composición consta a obra na que esta fora publicada.

Para efectuar a selección tívose en conta a calidade estética de cada poema, a súa funcionalidade dentro da obra do ou da poeta en cuestión e, asemade, a referencia a espazos concretos deste fecundo substrato literario da cultura de occidente.

O maior ou menor atino á hora de realizar a escolla é, unicamente, obra do responsábel desta publicación. O mesmo que cabe consignar para o efecto de que alguén que reunise as condicións para poder figurar nesta obra non aparecese nela. Debéndose isto —de ser o caso— tan só ao descoído ou descoñecemento de quen levou a cabo o traballo.

O presente volume inclúe tamén textos inéditos, feitos de propio intento para esta obra. Polo que respecta a Xosé Luís Méndez Ferrín, Francisco Salinas Portugal e Paulino Vázquez incorpóranse os textos que, no seu día, *ex profeso*, confeccionaran para a publicación colectiva *Vieiros de palabra*. Nos casos de Celso Emilio Ferreiro e de Lois Antón achégase cadanseu poema non publicado en libro.

Todos estes pouco coñecidos orixinais ou inéditos outórganlle, aínda máis, un valor engadido maior ao presente traballo. Figuran ao final da escolma de cada autor/a. Como é obvio, para o caso dos textos inéditos non se consigna, no remate deles, a súa pertenza a ningún libro anterior.

A distribución do corpus segue unha orde alfabética. De cada participante —que se nomean polo xeito máis habitual de asinaren as súas obras— sinálanse os seus datos biográficos básicos e a súa vinculación principal con algún concello da bisbarra. E logo, no apéndice final, os libros que teña editados en galego, con independencia de que puidese posuír obras doutros xéneros ou escritas noutros idiomas.

Con todo isto o que se pretende, amais de compendiar —do xeito máis exhaustivo posíbel— tan valioso material, é facer unha obra, á vez, única e imprescindible. Que dea a coñecer un riquísimo patrimonio e o poña en valor. Que descubra obras que poderían ficar na ignorancia ou no desleixo e as reivindique en relación con esta área xeográfica e cultural. Que dea conta dunha ampla diversidade de estilos e propostas. E que sexa quen de suscitar e promover outras pescudas e outros traballos sobre tan vizoso legado.

E, doutra banda, que se considere, no seu conxunto, a área xeográfica coa que a creatividade destes autores e autoras se vencella. O territorio que, por cuestións históricas e culturais, se une arredor de Celanova.

Un amplo dominio, posuidor dunha riqueza patrimonial extraordinaria —entre outras dimensións, tanto dende a perspectiva construtiva, paisaxística ou natural—, cuxa feracidade se amosa aquí na agra do eido poético, ben necesitada de potenciación. E, dende logo, moi susceptíbel de abordaxe dende outros enfoques artísticos.

Reprodúcense, ao remate da publicación, senllos apéndices —Fontes bibliográficas das que proceden os textos publicados; Relación de libros de poesía galega publicados polos-as poetas da bisbarra—, cuxos títulos son ben explícitos, apartados estes que contribúen a lle outorgar un acabado necesario a esta obra.

A garantía inicial do patrocinio por parte do Concello de Celanova asegurou, dende o intre de botarmos a andar o proxecto, a súa xestación.

No tocante á reprodución dos textos, operouse co máximo respecto aos orixinais. Dándose conta, en todo momento, como se acaba de indicar, da fonte de onde devén cada unha das transcricións.

X.C.D.A.

Celanova, 15 de outubro do 2022
60.º aniversario da publicación de *Longa noite de pedra*



MÁMOAS DE QUEGUAS



ANXO ANGUEIRA

(Manselle, Dodro, 1961;
vinculado con Ramirás e Celanova)

LOUVANZA DO TUÑO PARA AGRAVIO DO ULLA

Veú dun longo canaval
andando os montes
dos desertos.

Trocou por este baixo val de teu,
que sobe e desce en ondas moito herbosas,
aquelas tersas brañas longas dos Laíños,
o distante paso das naves
areceiras que non volven,
e o dunhas aves grises que predín,
estrañas para ti, que as evitas,
afeito, case adicto,
—humilde e ignorado—,
a moi nobres rapaces, moito a garza.

Deixou por ti un mar
que aquel río mansamente preparaba.
O mar é...
O mar será como un Arnoia sen ribeiras.

Agora estou aquí, Tuño. Estou contigo.
Mudei de río e de distancia.
Xa deixei o presaxio do esteiro.

En ti non flúen naves:
as areas,
as ondas que me traes son barqueiros.

[*Val de Ramirás*]

EN CELANOVA OS ALUMNOS DO INSTITUTO

En Celanova os alumnos do instituto...
 Os de Muíños andan a propor
 que se faga unha obra de teatro.
 Aquí non temos hórreos, profesor:
 do Carfaxiño a Bande son canastros.
 O miñato non vai das Trigueirizas
 por bidos deica a Chaira de Amoroce.
 Asombra. Largacío.
 Os de Ramirás andan a decer
 que teatro se é de pólvora que si.
 Isabel e Carlos ficaron agardando
 nos derradeiros banzos da escaleira.
 Vacas piscas, fútbol-sala, touca Furriolo,
 serradoiros néboa, Orille Sorga, unha aperta.
 María bica na cela vella.
 Feira dende as fiestras.
 E neve.
 Todos temos a alguén ollando o Tuño en Acevedo.
 Todos temos un pai na caixa de aforros.
 Todos temos unha espiña na gorxa
 que nos afoga.
 De peixe non, de Curros ou Celso Emilio.
 E unha Quintela de Leirado á que non fomos
 nunca.
 E todos quixemos
 volver a Celanova, a Celanova, a Celanova.
 Abri-la cancela e partir.
 E ser felices.

[*Val de Ramirás*]

E DIREIVOS UN RECADO

E direivos un recado
o equinoccio en San Miguel xa non é o mesmo
viña pola casa do Picouto unha señora
de enfeites moi estraños
non pedía
coma ti e coma vós
simplemente falaba das súas cousas
e ó cabo despedíase enchendo a porta de agarimos
se a min me toca ser esa muller
e me cadra pasar pola do Selas
hei falar das lembranzas daquel val
do Centro Ourensán de Newark
cruzado polo Arnoia
con ninguén
coma ti e coma vós
o Tuño é noso
en non me despedirei nunca
ata que ó pasa-la Gandarela
o calado mar de néboa
bata as súas ondas nos perpiaños e canastros
sol en Castromao
de Vilanova dos Infantes
para sempre.



MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

(Celanova, 1851 – A Habana, 1908)

A VIRXE DO CRISTAL

Preto da cibdá de Ourense,
camiño de Celanova,
onde é máis tépedo o vento
que a terra gallega azouta,
dun círculo de montanas
na falda, sempre verdosa,
esténdese un val florido,
cuberto de herbas cheirosas,
piñeirales e arboredos
ricos de frutas e sombra.
Alí, pola primaveira,
dispois de saír da escola,
van os rapaces buscar
freixós pra comer i apóutigas;
i as nenas, máis delicadas,
e non como eles golosas,
topan alí os caraveles
con que os cabelos adornan,
e fan, con espriego e néveda,
ramiños que logo esfolan.

Deste val no medio e medio,
entre edras e musgo envoltas,
ergue as torres un castelo,
feito alá n'eras remotas
de pedra de sillería,
cáxeque co tempo roxa.
Como este antigo edificio
outro non hai, según contas,
pois diz que foi levantado
por unha princesa moura
dendes da posta do sol